

## VALIDACIÓN E EXENCIÓN DE MÓDULOS NOS CICLOS FORMATIVOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Coincidindo co período inicial do curso, e unha vez efectuada a matrícula, a normativa académica das ensinanzas profesionais, posibilita:

3. a validación académica de algúns módulos formativos, en base a ensinanzas cursadas previamente, onde se supoñen adquiridas as competencias correspondentes a eses módulos
4. a exención de cursar algúns módulos formativos (incluído o de prácticas en empresa) en base a experiencia profesional acreditable, onde se supoñen adquiridas as competencias correspondentes a eses módulos

É moi importante sinalar que, en ambos casos, o alumnado pendente de validación ou exención, deberá asistir ás clases ata que chegue a resolución favorable ou desfavorable a solicitude. Se esta chegase con posterioridade a un procedemento avaliador, modificaríase a documentación administrativa existente.

A referida normativa, que regula este procedemento é a seguinte:

- ORDE ECI/3058/2004 de las convalidaciones de módulos de los ciclos formativos de AA.PP.D.
- RD 596/2007 de la ordenación general de las enseñanzas profesionales de AAPPD
- ORDE do 1-12-2008 organización, avaliación e acreditación académica das EEPPAPD en Galicia.
- GUIA del 17-11-2014 sobre o procedemento de convalidacións de AAPPD

Aos efectos prácticos do alumnado, para poder avaliar o seu interese e posibilidades de obter a validación dun módulo ou a exención para cursar este, as tres posibilidades principais que se poden presentar son as seguintes:

### 1. No caso da **VALIDACIÓN académica MÓDULOS** existen tres posibilidades:

#### **1.4. Validacións outorgadas directamente pola DIRECCIÓN**

MÓDULO de FOL (con respecto a outro módulo superado de FOL). Sempre que sexa de AA.PP.D. (de nivel inferior, igual ou superior) MÓDULOS incluídos na ORDE ECI/3058/2004. Cando estea incluído no listado reflectido na orde.

Neste caso, o alumnado presenta solicitude no centro (modelo do ANEXO III, que se facilita na administración), dirixido a dirección, acompañada dunha certificación académica oficial. Este trámite non ten datas fixadas, e pode formalizarse en calquera momento do curso, antes da avaliación final.

#### **1.5. Validacións outorgadas polo MINISTERIO DE EDUCACIÓN**

MÓDULOS incluídos nas ENSINANZAS MÍNIMAS da titulación (con respecto a calquera outra formación superada)

O Ministerio (Servicio de AA.PP.D.) resolve favorablemente, ou non, segundo o seu criterio e as disposicións particulares do correspondente RD.

Neste caso, o alumnado presenta solicitude directamente na web do Ministerio de Educación. Para o presente curso 2022-23, **o vindeiro día 15 de Setembro**, abrírase na SEDE do Ministerio de Educación e Formación Profesional o Procedemento de convalidacións de módulos. O enlace para poder acceder a este procedemento é o seguinte:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/general/05/050120/ficha/050120-2022-alumnos.html>

Podense consultar e resolver dúbidas no apartado Trámite para estudantes ou no enderezo de correo: [arteydiseno@educacion.gob.es](mailto:arteydiseno@educacion.gob.es)

#### **1.6. Validacións outorgadas pola CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**

MÓDULOS non incluídos nas ENSINANZAS MÍNIMAS da titulación (con respecto a calquera outra formación superada)

A Dirección do centro emite informe ao respecto, e a Consellería resolve favorablemente, ou non, segundo o seu criterio e as disposicións normativas correspondentes

Neste caso, o alumnado presenta solicitude no centro (modelo do ANEXO III, que se facilita na administración), dirixido a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, acompañada dunha certificación académica oficial. Este trámite debería de realizarse dentro das datas existentes para o procedemento equivalente do Ministerio de Educación.

### 2. No caso da **EXENCIÓN de cursado de MÓDULOS** por experiencia laboral MÓDULOS / PEET:

Algúns módulos formativos (incluídas as prácticas en empresa) poden ser obxecto de CORRESPONDENCIA, sempre que así o dispoñan os decretos do currículo correspondente. O procedemento pasa por un informe realizado polo TITOR, e, en base ao mesmo, a resolución dunha comisión formada pola dirección, titor e profesor do módulo. Salvo no caso das PEET, esta comisión desenvolverá unha proba para evidenciar a competencia profesional correspondente.

A maiores das prácticas en empresa, que poden ser obxecto de exención por experiencia laboral, en todos os ciclos formativos impartidos no centro, estes poden ser os módulos formativos que tamén poden ser obxecto de exención:

SERIGRAFÍA ARTÍSTICA: Talleres, FOL

GRAVADO E TÉCNICAS DE ESTAMPACIÓN. Fotomecánica, Taller de técnica serigráfica, FOL

FOTOGRAFÍA. Medios informáticos, Técnica fotográfica, Linguaxe e tecnoloxía audiovisual, FOL.

CERÁMICA ARTÍSTICA. Taller cerámico, FOL.

Neste caso, o alumnado presenta solicitude no centro (modelo do ANEXO IV, que se facilita na administración), dirixido a Dirección, acompañada da documentación acreditativa. Este trámite debería de realizarse dentro dos PRIMEIROS QUINCE DÍAS do comezo do ciclo formativo.

Para calquera outra información ou resolución de dúbidas pódese acudir a administración do centro.